**Formación profesional**

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

## Centro educativo

| Código | Centro | Curso académico |
|---|---|---|
| 15005269 | IES URBANO LUGRÍS – A CORUÑA | 2019-2020 |

## Ciclo formativo

| Código | Nome |
|---|---|
| CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |

## Módulo profesional

| Código | Nome |
|---|---|
| MP0528 | Empresa e iniciativa emprendedora |

## Alumnado

| Réxime | Modalidade | Grupo |
|---|---|---|
| Ordinario – DUAL (2º) | Presencial | A |

## Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

| Nome e apelidos |
|---|
| Gemma María Blanco Cabana |

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

# 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

## 1.1 Identificación da unidade didáctica

| Nº | Unidade didáctica |
|---|---|
| 5 | Xestión financeira e administrativa |

| Resultado de aprendizaxe | Criterio de avaliación | Imprescindible (si, non) | Desenvolverase neste curso (si, non) | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|
| ▪ RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | ▪ CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa do sector, e describíronse os circuítos que recorre esa documentación na empresa. | SI | NON | LC.4 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a xestión administrativa dunha peme |

# 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación mencionados como elementos curriculares son indicadores do nivel aceptable de desenvolvemento dos resultados da aprendizaxe correspondentes, de xeito que nas diversas actividades e probas de avaliación tomaranse en conta para a medición das aprendizaxes. Na avaliación, consideraranse, en todo caso, aqueles criterios de avaliación marcados como mínimos esixibles en cada unidade didáctica.

Este módulo rematou xusto antes de iniciar o confinamento como consecuencia de alerta sanitaria que se estaba vivindo provocado polo COVID-19, polo que os mínimos exixibles serán os mesmos que aparecen citados no módulo de EIE xa que a programación desenvolveuse totalmente o longo do curso.

Sen embargo, non todo o alumnado ten este módulo de EIE superado, polo que o que se explica neste apartado seguirá sendo válido.

Cando o instrumento de avaliación aplicable sexa a lista de cotexo, esta consistirá nunha relación de afirmacións que deberán concurrir en relación coas actividades asignadas polo profesor para a avaliación positiva do criterio de avaliación (E ESES ITEMS SERÁN OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN) e que o profesor ha de valorar considerando unha escala determinada (0 a 10, 0 a 5, 0 a 4...), de xeito que lle permita obter unha cualificación numérica do CA. O profesor terá en conta aqueles items que estime oportunos en cada actividade, tarefa ou unidade didáctica. Con carácter NON EXHAUSTIVO, e a modo de información e exemplo, ademais doutros items específicos en cada situación, pódense considerar entre outros os seguintes factores de carácter xeral, segundo proceda:0020

* O grado de comprensión e coñecemento dos contidos.

* A análise dos supostos plantexados.

* A solución aportada e os argumentos que a xustifican.

* Adecuación das solucións co enunciado proposto en cada caso.

* Orde e método de traballo.

* Capacidade de esforzo, progreso, comprensión e razoamento. Inclúe a capacidade de interpretación dos resultados.

* Capacidade de cálculo.

* Concreción e capacidade de síntese.

* Actitude positiva.

* Interese, participación e aportación de ideas en actividades ou tarefas de resposta a preguntas e cuestionario de comprensión de texto, independentemente de se son válidas ou non.

* Participación e argumentación, realización de cálculos e/ou obtención de conclusións, segundo proceda, das tarefas de resolución de casos prácticos.

* Lexibilidade da caligrafía no seu caso, emprego dunha correcta ortografía, e capacidade de redacción.

* Presentación, orde, limpeza, e efecto visual dos traballos. [Serán faltas inadmisibles os errores de ortografía, a falta de limpeza, o desorde e descoido na presentación de traballos.

* Utilización correcta dunha terminoloxía específica.

* Comportamento, respecto polos compañeiros e profesores e demais membros da comunidade educativa.

Para unha adecuada adquisión das competencias profesionais, persoais e sociais establecidas no currículo, as listas de cotexo serán aplicadas a tarefas e actividades de aula, e ademais a probas escritas teóricas e/ou prácticas, e ao/s informe/s obrigatorio/s, tendo en conta as seguintes porcentaxes na cualificación final do módulo:

* Cuestionarios e/ou probas obxectivas: 25% da cualificación final en cómputo global

* Tarefas e actividades: 40% da cualificación final en cómputo global

* Informe relativo ao plan de empresa: 35% da cualificación final en cómputo global.

O desglose figura no libro de cualificacións de Moodle, que o alumnado pode consultar dende o bloque lateral de administración.

No caso de que o profesor teña indicios suficientes de que a actividade entregada ou o informe está copiado ben de outra páxina de internet ou de outro compañeiro e logo das comprobacións que estime pertinentes, cualificará a proba como non apto, incluso cunha cualificación numérica mínima.

Non todas as unidades didácticas teñen o mesmo peso na cualificación do módulo (consultar no apartado correspondente da programación).

A cualificación do módulo será numérica, entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

Neste módulo o alumnado o longo do curso realizou un plan de empresa sobre un proxecto empresarial partindo dunha idea elexida por eles.

O alumnado que non alcanzou unha puntuación igual ou superior a 5 debe recuperar ó módulo durante o terceiro trimestre neste caso durante o período de confinamento.

O alumnado superará o módulo se entrega as tarefas relativas á unidade 5 sobre xestión financeira e administrativa, e o proxecto empresarial, en relación ao contido da 2ª avaliación, sen erros importantes e desenvolvendo todos os puntos do mesmo que foron traballados na aula o longo do curso.

O alumnado que obteña unha puntuación igual ou superior a cinco terá superado o módulo.

# 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

## Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

| Nº | Unidade didáctica | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Iniciativa emprendedora | | | |
| **1ª aval.** | **2ª aval.** | **Resultado de aprendizaxe** | **Criterio de avaliación** | **Instrumento de avaliación** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | ▪ CA1.1. Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. | LC. 1 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.2. Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social. | LC. 2 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora. | LC. 3 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector. | LC. 4 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. | LC. 5 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade. | LC. 6 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o emprendedor e a iniciativa emprendedora |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de _______________, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. | LC. 7 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o proxecto empresarial e a idea de negocio. |
| X | | ▪ [Idem RA1] | ▪ CA1.8. Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. | LC. 18- Actividades de aula e cuestionarios sobre o proxecto empresarial e a idea de negocio. |

| Nº | Unidade didáctica | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4 | Creación e posta en marcha dunha empresa | | | |
| **1ª aval.** | **2ª aval.** | **Resultado de aprendizaxe** | **Criterio de avaliación** | **Instrumento de avaliación** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | ▪ CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial. | LC. 1 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio. | LC. 2 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de actividade. | LC. 3 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida. | LC. 4 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa. | LC. 5 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.6. Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica. | LC. 6 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa. | LC. 7 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas do sector tendo en conta a súa localización. | LC. 8 - Actividades de aula e cuestionarios sobre formas xurídicas e posta en marcha da empresa |
| X | | ▪ [Idem RA3] | ▪ CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións. | LC. 9 - Actividades de aula e cuestionario sobre proxecto empresarial: forma xurídica, trámites, xestión de axudas e subvencións |

| Nº | Unidade didáctica | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2 | A empresa e o seu contorno | | | |
| **1ª aval.** | **2ª aval.** | **Resultado de aprendizaxe** | **Criterio de avaliación** | **Instrumento de avaliación** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | ▪ CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. | LC. 1 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas. | LC. 2 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA 2.3.1. Identificáronse de xeito xeral os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. | LC. 3 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA 2.3.2. Identificáronse en relación coa idea de negocio os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. | LC. 4 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA 2.4.1. Apreciouse a importancia da influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. | LC. 5 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA 2.4.2. Apreciouse para a idea de negocio a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. | LC. 6 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa do sector en función da súa posible localización. | LC. 7 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial. | LC. 8 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co propio sector de actividade e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. | LC. 9 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.8. Identificáronse, en empresas do sector, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. | LC. 10 - Actividades de aula e cuestionarios sobre a empresa e o seu contorno |
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.12.1. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización e a responsabilidade social. | LC. 11 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o proxecto empresarial: idea de negocio, localización e responsabilidade social |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ [Idem RA2] | ▪ CA2.13. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a análise do contorno. | LC. 12 - Actividades de aula e cuestionarios sobre o proxecto empresarial: análise do contorno |

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Todo o alumnado dos grupos de EIE DUAL teñen superada a 1ª avaliación do módulo de EIE. En xaneiro foron ás empresas para cursar a FCT e tiñan que volver en abril un día á semana para retomar o módulo de EIE xa que a empresa non asumían ningún CA deste módulo. Dende este punto de vista, este apartado non sería necesario. Pero aínda queda cursar e superar o resto do módulo, que se realiza mediante sesións por videoconferencia durante 3 horas semanalmente dende o mes de abril. A materia que se traballou neste tempo é a materia que no curso non dual se impartiu na 2ª avaliación. A data de hoxe, este módulo está case acabado e a participación do alumnado DUAL ás sesións por videoconferencia e o traballo desenvolvido é do 100% do alumnado, polo que este alumnado xa ten o módulo superado co traballo da 1ª avaliación e o traballo desenvolvido dende abril e que, como xa comentamos, se corresponde co contido da segunda avaliación do grupo orixinal do que proceden. Por este motivo, non procede o cumprimento deste apartado nun grupo DUAL.

Igual que no grupo NON-DUAL de orixe, as tarefas, actividades, cuestionarios e informes, teñen unhas puntuacións que se poden consultar en cada actividade de Moodle e o detalle dos pesos de cada actividade figura no libro de cualificacións de Moodle ao que se accede dende o bloque de administración.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Nestes grupo de SEA e ARI DUAL tampouco hai alumnado con perda do dereito á avaliación continua, por ser este feito incompatible legalmente coa posibilidade de optar pola modalidade de FCT dual.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Está prevista legalmente a posibilidade de flexibilización modular do ciclo formativo, a solicitar antes do 31 de outubro de cada ano académico, para os alumnos con necesidades educativas especiais. No curso non temos ningún alumno que houbese solicitado a flexibilización modular.

Non obstante, está previsto que, independentemente da flexibilización modular, o profesor poida planificar actividades de apoio para aqueles alumnos que non respondan globalmente aos obxectivos programados.

Así, no 3º trimestre, propóñense exercicios de repaso e reforzo dos contidos mínimos para os alumnos con algunha parte suspensa.